



CONSELLO DE CAMPUS DE PONTEVEDRA

ACTA DA SESIÓN DO 1 DE MARZO DE 2016

Sesión: Ordinaria

Lugar: Sala de Conferencias da Casa das Campás de Pontevedra, ás 16:00 h en primeira convocatoria, 16:30 h en segunda.

Data: 01/03/2016

Hora de comezo: 16:30 h.

Hora de remate: 18:06 h.

ASISTENTES:

Baamonde Silva Xosé

Corbacho Valencia Juan Manuel

Dopico Aneiros Dolores

García González Silvia

García Soidán José Luis

González Dopazo Lois

López Rubianes Lucrecia

Mato de la Iglesia Salustiano

Mollinedo Lois Carlos

Romo Pérez Vicente

Asiste como participante invitada con voz pero sen voto Alicia González Represas.

EXCUSAN A SÚA AUSENCIA:

Cid Rodríguez Tania

Lantarón Caeiro Eva María

García-Pintos Escuder Adela

Picos Martín Juan

ORDE DO DÍA:

1: Lectura e aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.

Apróbase por asentimento dos presentes.

2: Informe do Presidente.

O Sr. Reitor informa de que se está tramitando coa Consellería de Educación o 1º convenio para o Campus CREA, que foi aceptado polo Conselleiro, e agora está na fase final.



Vicerreitoría do
Campus de Pontevedra

Universidade de Vigo

O Sr. Reitor informa da Rede Aloia, relacionada co Campus CREA no eido forestal, orientada a enlazar as capacidades coas necesidades da formación forestal. A Escola de Enxeñaría Forestal participará na formación e a capacitación dos profesionais do sector xunto coas demais institucións de formación no eido.

O Sr. Reitor agradece ao Concello de Pontevedra a regularización do IBI despois do acordo do 11 de marzo deste ano.

O Sr. Reitor sinala avances coa Deputación de Pontevedra, mediante un convenio histórico asinado entre ambas institucións, cunha comisión mixta da que forma parte o Reitor, a Presidenta da Deputación, o Vicerreitor do Campus de Pontevedra e un cargo de confianza da Deputación. Nesa comisión se decidirán os grupos de traballo que tratarán as propostas dos/as investigadores/as dos campus de Vigo e Pontevedra para solicitar a colaboración do ente provincial.

O Sr. Reitor informa dun proceso de convenio coa FEUGA, para adecuar a contabilidade á lexislación actual.

O Sr. Vicerreitor informa da obras, actuacións varias, obradoiros e actividades no Campus de Pontevedra.

Informe actuacións

Área de Planificación e Infraestruturas

(Período 4 de decembro a 29 de febreiro)

- Reparto de sobres reutilizables nos Centros. Green Campus (decembro 2015)
- Presentación e entrega do Plano de accesibilidade dos Centros, Vicerreitoría, Pavillón e Escola Infantil. (10 de decembro de 2015)
- Reparación bomba da Fonte central do Campus e programación (decembro 2015)
- Realización de obras de acondicionamento das salas de caldeiras de Fac. Educación e Ciencias Sociais para consumo de Gas natural (inminente entra entrada en funcionamento)
- Reunións direccións centros para exposición de necesidades e planificación (semana 1-5 de febreiro)
- Celebración da II Semana Recollida de RAEEs (1 ao 5 de febreiro). Lembra o vicerreitor do campus de Pontevedra que nesta recollida detectáronse equipos que son parte do patrimonio da Universidade de Vigo coa súa etiqueta correspondente e que, polo tanto, deben ser dados de baixa co correspondente formulario. Solicita aos/ás decanos/decanas e directores/as que se informe nos seus respectivos centros sobre este procedemento
- Planificación de plantación de árbores na parcela da Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte. (execución inminente, marzo 2016)



Vicerreitoría do
Campus de Pontevedra

Universidade de Vigo

- Tramitación da licenza municipal para a construción do carril bici. (Comisión de Urbanismo 26 de xaneiro de 2016)
- Tramitación da licenza municipal e ministerio de Fomento para acometer obras de axardinamento na parcela 1 (febreiro 2016)
- Limpeza das arquetas do Campus para tratar de evitar corra a auga pola estrada (febreiro 2016)

Informe actuacións

Área de Cultura e Extensión Universitaria

(Período 4 de decembro a 29 de febreiro)

Festival Novos Cinemas

- Dentro do festival, o 11 de decembro, faise una actividade na Casa das Campás: “Só se fai unha primeira película unha vez”. Obradoiro amateur de cómo (non) facer unha película hoxe dirixido por Jaime Rebollo

Concerto Solidario

- 14 de decembro unha actuación do Coro do Campus pechou a recollida benéfica de Ciencias da Educación e do Deporte. Notas musicais con espírito solidario

O Maratón de Zumba

- 17 de decembro. Cerca de 200 Kilos de alimentos máis cinco caixas de froita donadas por GADIS.

Exposición

- Cando o eu fotográfico se transforma no noso.
- A mostra A delegación de alumnado de Belas Artes inaugura na Casa das Campás a exposición ‘ISO é noso’ reúne os traballos realizados por sete estudantes a raíz dos talleres impartidos por Miguel Vidal.
- Do 12 a o 28 de xaneiro.

Conferencia (18 de xaneiro)

- O profesor José Ignacio Martínez Estay impartiu unha conferencia na Casa das Campás
Un experto chileno vincula os caudillismos co "fracaso" dos procesos de integración política latinoamericanos. Na súa estadía en Galicia tamén se reuniu coa Vicerrectora de Investigación, o Vicerreitor de Relacións Internacionais e Extensión Universitaria e co Vicerreitor do Campus de Pontevedra en calidade de Vicerreitor de Investigación e Postgraos da Universidade dos Andes (Chile).



Ciclo de cine

- "Eloxio do instante" é o nome que leva por título este ciclo, do 22 de xaneiro ata o 29 de abril.
- Dez proxección e dous relatorios conforman o programa desta actividade da Vicerreitoría do campus

Taipei

- O Vicerreitor mantivo un encontro con representantes da Oficina Económica e Cultural de Taipei. O campus estreita lazos con Taiwán .
- Fernando Su, Director, e Antonio Lee, Secretario da Oficina Económica e Cultural.
- Coa colaboración da súa División Cultural, este xoves bota a andar o ciclo de cine 'Panoramas en Taipei'.

O xoves 11 de febreiro comenzou na Casa das Campás o ciclo **'Panoramas en Taipei'**

- Unha viaxe de Pontevedra a Taiwán a través do cinema documental.
- Cinco filmes integran este ciclo organizado coa colaboración da Oficina Económica e Cultural de Taipei. Dende a vicerreitoría do campus de Pontevedra se promoveron contactos co Concello e coa Deputación para ampliar as posibilidades de colaboración.

Conversas na Uvigo

- Decembro (2ª sesión) Teresa Táboas (arquitecta e política) e María Varela (xornalista).
- Xaneiro (3ª sesión) Manuel Jabois (xornalista e escritor) e Belén López (xornalista).
- Febreiro (4ª sesión) Teresa Casal (abogada e política) e Adrián Rodríguez (xornalista)

SALA—X

- Xoves, 25 de febreiro do 2016
- son e a súa ausencia centran a exposición colectiva inaugurada este mediodía
- A Sala X fica en silencio
- Comisariada por Nerea Lores, dentro do seu traballo de fin de máster, reúne obras de docentes e egresados



3. Información dos traballos realizados pola Comisión de Extensión Universitaria.

Obradoiros 2º cuadrimestre 2015-2016:

- Comisariado e estratexias para artistas
- O que non se nomea non existe? Comunicación e radio con perspectiva de xénero
- Introducción ao Design Thinking: resolución de problemas & Equipos de traballo
- Locución audiovisual
- Interpretación de instrumentos populares galegos
- Fala. Oratoria e comunicación. Técnicas para falar en público

No momento da celebración do Consello de Campus tódolos obradoiros tiñan a matrícula cuberta a excepción de “Introdución ao Design Thinking”, pero aínda quedan dous días de prazo. No caso de cancelación dalgún obradoiro, hai unha lista de agarda formada polas seguintes propostas:

- Cinema ao vivo: produción audiovisual no contexto das artes escénicas.
- Xénero e fotografía: onde se tocan os medios audiovisuais e os feminismos.

OUTRAS ACTIVIDADES (Cursos aula tecnolóxica):

- Programación e desenvolvemento de xogos indies
- Dixitalización de negocio para pemes e ongs
- As redes sociais e o uso de datos de carácter persoal
- Incrementa a túa visibilidade online

Estas catro propostas na actualidade, teñen a matrícula cuberta.

4. Proposición, se procede, ao órgano competente da implantación do Programa de Doutoramento do proxecto de especialización do Campus Crea S2i do Campus de Pontevedra para o curso 2017/18.

Toma a palabra a profesora Alicia González Represas, e informa do procedemento para integrar os proxectos do Campus CREA coa masa crítica do Campus de Pontevedra. A intención é a de crear un programa interesante para o noso alumnado e para atraer alumnado de fora (internacionalización). O programa tivo una boa acollida polo profesorado do campus, polo que a profesora Alicia González manifesta o seu agradecemento ó profesorado.

Manifestaron o seu interese arredor de 60 profesores/as do Campus (un 60% deles tiñan un sexenio como mínimo), ademais de varios investigadores externos ó Campus.

O 13 de maio se enviará a memoria a ACSUG e a o EIDO, para o 30 de xuño ter a memoria final do programa, no que se estableceron 4 liñas fundamentais e varias subliñas.



O profesor Vicente Romo felicita como decano, ó Reitor, Vicerreitor e a prof^a. Alicia González, pola iniciativa xa que os doutoramentos pequenos teñen poucas perspectivas de futuro, e este doutoramento é importante de cara o futuro para este Campus de Pontevedra.

O Sr. Reitor sinala que este doutoramento é o espazo de interrelación natural do Campus, e permitirá un maior achegamento entre investigadores e outras persoas e institucións.

5. Rogos e preguntas.

- Silvia García sinala que este programa permite unha visión maior que permite o diálogo entre os centros e que cada centro é distinto, así como os seus investigadores.

Manifesta a súa desconformidade pola PDA, na que se percibe que se seguen recortando as horas de deducións ó profesorado.

Sinala que a Facultade de Belas Artes fará unha viaxe no 25 Aniversario, a unha exposición na Universidade de Porto.

Tamén sinala a posibilidade de colaboración dos egresados, para favorecelo asociacionismo, uso de espazo e atuar como mentores.

- O Sr. Reitor sinala que se pode apoiar institucionalmente, xa que estamos irmanados coa Universidade de Porto. Respecto a PDA o reitor sinala que estase a elaborar unha máis equilibrada e menos restritiva para dar máis folgora os centros, especialmente os singulares. E respecto os egresados falará co responsable para poder estudar a forma de integralos e arroupalos.
- Vicente Romo, sinala o gran avance na PDA, na que se xustifica socialmente o noso traballo.
 - O Sr. Reitor, sinala que desta forma se contemplan os deberes do profesorado e se incentivan.
- Carlos Mollinedo, solicita información do estudio feito sobre os espazos de estudo en grupo do Campus de Pontevedra.
 - O Vicerreitor informa que a Unidade Técnica, analizou os espazos de estudo dos centros, para incluír os fondos da biblioteca, xa que na segunda planta onde se atopa agora, existen problemas de infraestruturas. E tamén estase a falar co Decano da Facultade para buscar solucións a este problema, buscando espazos.
- Xosé Baamonde, sinala que na planta baixa, existe un almacén para o depósito dos libros e se intenta a racionalización dos espazos de almacenamento.



Vicerreitoría do
Campus de Pontevedra

Universidade de Vigo

- Dolores Dopico, solicita una liña de traballo para falar estratéxicamente dos títulos propios, para a súa transformación en títulos oficiais.
 - O Sr. Reitor sinala que calquera Máster de nova creación ten que ser enviado á Xunta de Galicia, xustificando e contextualizando con moita rigurosidade a planificación estratéxica de devandita titulación. E para iso concretarase unha cita.

Sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 18:06 h., co visto e prace do Presidente e do que eu como Secretario dou fe.

Pontevedra a 1 de marzo de 2016

O Secretario

Vº e Prace do Presidente

José Luis García Soidán

Salustiano Mato de la Iglesia